



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONSELLO DE GOBERNO DO DÍA 31 DE OUTUBRO DE 2012

Ás 9.35 h, en segunda convocatoria, na sala do Consello de Goberno da Reitoría, A Maestranza, comeza a sesión ordinaria do Consello de Goberno que preside o Reitor Magnífico D. Xosé Luís Armesto Barbeito, de acordo coa orde do día que figura no **anexo I** e coas persoas asistentes que se relacionan no **anexo II**. Escusan a súa ausencia os profesores Sobrino Heredia, Xurxo Dopico, Antía Pérez Caramés e Manuel Reyes García Hurtado.

Tras a comprobación do quórum legal necesario para a realización da sesión, o reitor dá paso ao primeiro punto da orde do día.

1. Informe do reitor

O reitor abre o seu informe dando conta das reunións da CRUE e do Consejo de Universidades, celebradas ambas as dúas en Madrid o día 24 de outubro. Nas reunións da CRUE debateuse a situación de inqueda xeneralizada das universidades ante as continuas modificacións realizadas sobre distintos aspectos e alcanzouse o acordo de realizar unha defensa activa da autonomía universitaria fronte a tales medidas.

No Consejo de Universidades, someteuse a informe o proxecto de lei de modificación da LOMCE, que afecta ao sistema de acceso á universidade, cuxas probas únicas (selectividade) son eliminadas a favor dunha proba tras o bacharelato, en que as universidades non teñen participación, e outras probas específicas por cada universidade, ou mesmo por cada centro. Trasládase o informe desfavorable sobre o proxecto, por ir contra os criterios de equidade.

O reitor informa tamén do vindeiro nomeamento de Rosa Cobo como directora do Cexef (Centro de Estudos de Xénero e Feministas).

A continuación, o reitor cédelle a palabra ao vicerreitor de Investigación e Transferencia, quen informa de que do 1 ao 21 de outubro de 2012 tivo lugar a Exposición “A Universidade coa Empresa” no Cantón Grande da Coruña, na zona do Obelisco. Nesa exposición amosáronse exemplos de actividades de transferencia de grupos de investigación da UDC.

Tamén se organizaron diversas actividades sectoriais e transversais paralelas entre os grupos de investigación e empresas, así como outras de difusión, emprendedurismo e divulgación. A exposición vén de trasladarse a Ferrol onde se inaugurou o pasado día 29 de outubro. Pode visitarse nas inmediacións da Praza da Constitución de Ferrol ata o 18 de novembro. Tamén terán lugar diversas actividades paralelas nas instalacións da Fundación Novacaixagalicia.



Onte mesmo celebrouse o *Discurshow*, actividade divulgativa levada a cabo polo profesor da UDC Xurxo Mariño e o actor Vicente de Souza.

O 19 de outubro de 2012, e cumprindo cun compromiso adquirido na sesión do 27 de setembro deste Consello de Goberno, tivo lugar unha reunión cos investigadores da UDC en que se informou sobre diversos aspectos dos novos regulamentos do 18 de xullo e cos resultados de diversas convocatorias de investigación.

Con data 19 de outubro de 2012, publicáronse, na web da UDC, os coeficientes para o cálculo do importes e os importes propiamente ditos da parte da financiamento plurianual dos grupos de investigación correspondente á avaliación realizada pola ANEP. O total das 37 alegacións recibidas (do total de 119 grupos avaliados) enviáronse á ANEP. A data de hoxe recibíuse a resposta da ANEP a 33 destas alegacións. A Comisión de Investigación, na súa sesión de 8 de outubro de 2012, acordou responder ás alegacións a partir das respostas enviadas pola ANEP, sen prexuízo de que se poidan tratar na Comisión aqueles casos en que se presenten máis discrepancias co anterior criterio de reparto de fondos (producción científica).

O 22 de outubro de 2012, publicouse a proposta de concesión correspondente ás axudas de apoio á etapa predoutoral da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Nesta proposta a UDC acadou 21 das 99 axudas.

Con data 24 de outubro de 2012, publicouse no BOE a convocatoria de axudas dos subprogramas Ramón y Cajal, Juan de la Cierva, Técnicos de Apoio e Torres Quevedo. O 29 de outubro abriuse un prazo na UDC, que rematará o 19 de novembro, para solicitar a participación da UDC nestes programas. As propostas serán avaliadas pola Comisión de Investigación, que terá en conta a avaliación do grupo levada a cabo pola ANEP. Así mesmo terase en conta a situación docente da área, que será revisada pola Vicerreitoría de Profesorado e Planificación Docente.

O 26 de outubro de 2012 publicouse no DOG a convocatoria de axudas de apoio á etapa posdoutoral da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. O 29 de outubro abriuse un prazo na UDC, que rematará o 19 de novembro, para solicitar a participación da UDC nestes programas. As propostas serán avaliadas pola Comisión de Investigación, que terá en conta a avaliación do grupo levada a cabo pola ANEP.

Os días 25 e 26 de outubro tiveron lugar na Universidad de La Laguna as XX Xornadas de Investigación das Universidades Españolas (sectorial de I+D da CRUE). A elas acudiron diversos directores/directoras e subdirectores/subdirectoras xerais do MINECO e o MECD e a maioría dos vicerreitores de investigación das universidades españolas. Tratáronse diversos



asuntos en relación coas convocatorias do Plan Nacional 2012, a estratexia española de ciencia e tecnoloxía, a Agencia Estatal de Investigación, os programas de recursos humanos do MINECO e o MECD, o marco legal da transferencia e as convocatorias de proxectos europeos.

Pola súa parte, o vicerreitor de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías informa da vindeira convocatoria dos premios extraordinarios. Co fin de adaptala ás novas condicións normativas, modificáronse na convocatoria aspectos relativos ao sistema de cálculo das notas medias dos expedientes para adaptalo as instrucións da Xunta de Galicia publicadas este ano. Proximamente traerase a este Consello de Goberno a modificación do regulamento máis en profundidade para adaptalo á nova lexislación.

Realizarase proximamente a convocatoria dos coordinadores de mestrados para o curso 2012-2013. Como principal novidade, este ano non terán complemento económico, senón unha redución de carga docente de 25 horas, incompatible coa redución por cargos unipersoais, e que poderá ser distribuída entre distintos profesores.

A situación da matrícula a día de hoxe é de 20 232 estudantes matriculados en grao, mestrado e titulacións non adaptadas. A matrícula en mestrados é de arredor dos 1 000 estudantes, o que significa que practicamente se mantén o número de estudantes respecto ao curso anterior. A CIUG comunicou as prazas non cubertas na nosa universidade. Na UDC quedaron vacantes prazas en 19 titulacións, 10 no campus da Coruña e 9 no campus de Ferrol. No día de hoxe convocarase libremente a matrícula nesas titulacións ao estudantado que desexe matricularse.

Finalizou o prazo de matriculación nos mestrados de UDC. Unha vez comunicados á Consellería os nomes dos estudantes de nova matrícula e o número de créditos matriculados, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria autorizou a impartición de todos os títulos de mestrado coa excepción dos títulos que aínda non acadaran o prazo de verificación e o Mestrado Universitario en Investigación, Ordenación e Avaliación de Servizos Socio-sanitarios que se imparte no campus de Ferrol.

Por último, o vicerreitor lembra que comezou o proceso de emisión de certificados dixitais da FNMT (Fábrica Nacional de Moneda y Timbre), que avanza a bo ritmo. Este paso será necesario para seguir avanzando na administración electrónica.

O vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente informa de que se convocou pola vía de urxencia unha praza de profesor asociado P3 para a Área de Dereito Procesual pola autorización da comisión de servizos de don Agustín-Jesús Pérez-Cruz Martín no Tribunal de Contas, aprobada polo Consello de



Goberno do 27/09/2012. Tamén informa o vicerreitor dunha reunión celebrada na Consellaría de Facenda cos responsábeis do control do gasto das universidades. A Consellaría dixo que non era competente para controlar a taxa de reposición das universidades, aínda que non consta por escrito. Con todo, o vicerreitor indica que, mentres non se aclare a situación, se suspendeu o envío ao BOE de máis prazas de PDI funcionario. A Dirección Xeral de Orzamentos pediu que non saísen máis prazas de contratado doutor. Porén, a nosa postura defendeu a necesidade de contratar este profesorado, sempre e cando non se superasen os teitos de gasto autorizados de capítulo I. Quedouse de buscar conxuntamente algunha excepción á taxa de reposición para as universidades.

A vicerreitora de Planificación Económica e Infraestruturas informa de que a Comisión de Asuntos Económicos do Consello de Goberno na súa sesión do 26 de outubro validou expedientes de gasto e imputounos a créditos de 2012 por importe de 474.727,59 €

A vicerreitora de Estudantes, Deportes e Cultura informa do desenvolvemento do Foro Xuventude en Movemento os días 16, 17 e 18 de outubro en que participaron cerca de 800 estudantes nas diferentes accións e obradoiros destinados a mellorar as competencias do estudantado cara á inserción laboral. Informa tamén de que o día 25 tivo lugar en Ferrol a celebración anual do Día do Deporte en que se premian os campións das ligas universitarias e mais persoeiros sobranceiros do deporte relacionados coa Universidades da Coruña. Este ano, o xurado salientou o éxito das alumnas Támara Echegoyen e Sofía Toro, Medalla de Ouro en Londres 2012 na modalidade de Match Race; e así mesmo, concedeu unha mención específica á traxectoria profesional de Marco Carreira, taekwondista de elite e preparador de Nicolás García, Medalla de Prata en Londres 2012. Por fin, a vicerreitora informa da inauguración o día 24 de outubro do festival Sinsal é normal que acolle a X edición deste prestixioso festival ata o día 23 de novembro no espazo de intervención cultural Normal.

A vicerreitora do campus de Ferrol e Responsabilidade Social informa, sobre a oficina de Atención á Diversidade, que se continúa ampliando o banco de recursos de material adaptado para persoas con discapacidade coa compra de material adaptado, neste caso ratos e mesas para aulas de informática.

Así mesmo, o vindeiro 12 de novembro, en colaboración coa Fundación ONCE e a fundación REPSOL, celebrarase unha xornada de presentación do proxecto de sensibilización educativa denominado “*A túa formación non ten límites. Desenvolve o teu futuro*”. O obxectivo deste proxecto é aumentar a presenza activa na universidade do estudantado con discapacidade, como vía para aumentar a calidade da empregabilidade deste colectivo.

O xerente informa, na súa quenda, sobre a proposta de revisión da RPT de PAS funcionario presentada os días 9 e 10 de outubro trasladado á Xunta de Persoal e



ao Comité de Empresa. Expón sinteticamente os obxectivos e as principais medidas de reorganización orgánica e funcional dos servizos administrativos da UDC. Para unha maior información e explicación destas medidas, véñense mantendo reunións de traballo cos correspondentes responsables, centros e unidades implicadas.

Ademais, o xerente dá conta da Instrución 5/2012 referente á aplicación do artigo 9 do Real decreto lei 20/2012, do 13 de xullo, en materia de prestación económica na situación de incapacidade temporal. Tamén dá conta dos informes emitidos pola Asesoría Xurídica sobre cuestións formuladas a respecto da aplicación do previsto no artigo 2 do citado Real decreto lei 20/2012 sobre supresión da paga extraordinaria de decembro de 2012.

2. Aprobación, se proceder, do borrador da acta da sesión ordinaria do 27 de setembro

Tras a lectura da acta do pasado Consello de Goberno do 27 de setembro, que estivo a disposición dos membros do Consello de Goberno na Secretaría dos seus respectivos centros e na Secretaría Xeral da Universidade, a acta apróbase por asentimento.

3. Contratos e convenios

Para os efectos de cumprir o que establece o artigo 27.2 dos Estatutos da Universidade da Coruña, o secretario xeral dá conta dos convenios que figuran no **anexo III**, que se clasifican nesta ocasión en catro convenios marco (4), vinte e nove convenios específicos (29) e oitenta e tres convenios para prácticas (83) e que cumpriron todos os trámites preceptivos previos que se requiren para a súa aprobación polo Consello de Goberno nesta sesión.

A listaxe apróbase por asentimento.

4. Informe sobre a Resolución reitoral pola que se convocan eleccións de representantes do estudiantado no Claustro Universitario, e representantes en xuntas de centro e de representantes nos consellos de departamentos.

O secretario xeral toma a palabra para expor que no mes de decembro de 2010 se desenvolveron os últimos procesos ordinarios de elección de representantes nos órganos colexiados da UDC: Claustro, xuntas de centro e consellos de departamento.

Este ano toca renovar aquelas representacións que duran apenas dous anos:

- Sector C (estudiantado) Claustro
- Sector B, C e D nas xuntas de facultade e consellos de departamento



De conformidade co artigo 13 do Regulamento electoral xeral, e tendo en conta que a proclamación definitiva dos candidatos electos se produciu o 20 de decembro de 2010, o último día para convocar estes procesos electorais é o 20 de novembro de 2012. Dado que a convocatoria é aprobada por resolución reitoral, mais esta debe ser informada previamente polo Consello de Goberno, sométese ao coñecemento do Consello para estes efectos.

A proposta do equipo de goberno, segundo o secretario xeral, contén dúas grandes novidades.

En primeiro lugar, atrasa a publicación do censo definitivo ao 20 de decembro do 2012, de xeito que se favoreza ao máximo a estabilidade e seguridade do censo electoral, sen que existan procesos de matrícula abertos. A proposta, así mesmo, leva os prazos de presentación de candidaturas e campaña electoral ao mes de xaneiro.

En segundo lugar, propónse a implantación con carácter xeral da emisión do voto por vía electrónica ou telemática. Tras a proba piloto do voto anticipado nas eleccións a reitor 2011, estamos en condicións de seguir dando pasos neste ámbito, que redundan nunha rebaixa moi importante de custos económicos e institucionais.

A Comisión electoral central reuniuse o pasado 26 de outubro para analizar a resolución reitoral e informouna favorablemente. As asociacións estudantís presentes no Consello de Goberno fixeron tamén alegacións sobre o calendario proposto e o sistema de votación electrónica.

Tras a anterior exposición, ábrese unha quenda de intervencións.

Luis Castedo manifesta dúbidas sobre o proceso de autenticación e a privacidade do voto, tal e como tiveron lugar nas eleccións a reitor. Pregunta sobre o procedemento e sobre os sistemas de seguridade neste proceso, instando a que se resolvan os problemas detectados previamente.

Nuria Sousa pregunta acerca das modificacións que sobre a representación do PAS terá a modificación da RPT.

Manuel Casteleiro solicita aclaración sobre a data de votación.

Ana Barxa, en representación dos comités, expón unha opinión contraria ao voto electrónico, por non garantir o segredo e desincentivar a participación.

Tras o debate anterior, propónse adiar a votación ao martes día 5 de febreiro e manter a campaña o luns día 4 de febreiro.



O secretario contesta ás anteriores intervencións, comprométese a recoller a última proposta e toma nota de todas as cuestións sinaladas, para garantir un proceso electoral transparente e eficiente.

5. Proposta de resolución da convocatoria extraordinaria de axudas para a organización de xornadas divulgativas e ciclos de conferencias

A vicerreitora de Estudantes, Cultura e Deportes expón a proposta de resolución que figura como **anexo IV**.

Apróbase por asentimento.

6. Distribución das bolsas de colaboración en departamentos do MEC

De acordo coa Resolución do 2 de agosto de 2012 (BOE do 9 de agosto), pola que se convocan bolsas de colaboración de estudantes en departamentos universitarios para o curso académico 2012-2013, a vicerreitora informa do seguinte:

Número de bolsas que corresponden á UDC: 52

Número de solicitudes presentadas: 159

Número de solicitudes denegadas: 72

Número de solicitudes que cumpren requisitos: 87

Número de departamentos que solicitaron bolsas: 31

A proposta de resolución apróbase por asentimento segundo figura no **anexo V**.

7. Proposta de resolución dos premios extraordinarios á excelencia académica no bacharelato

A vicerreitora de estudantes propón a concesión dos premios extraordinarios ás persoas que figuran no **anexo VI**

Apróbase por asentimento.

8. Proposta de convocatoria de prazas de PDI contratado

O vicerreitor de Profesorado propón a convocatoria para a provisión dunha praza de axudante doutor con dedicación total para a Área de Construcións Navais. Conta co informe favorable da COAP e da mesa sindical

Apróbase por asentimento segundo figura no **anexo VII**.



9. Proposta de convocatoria de listas de contratación de profesores/as asociados/as para mestrados

O vicerreitor de Profesorado propón convocar listas de contratación de profesorado para docencia temporal durante o segundo cuadrimestre dos mestrados que se recollen no **anexo VIII**

Apróbase por asentimento

10. Proposta de cambio de dedicación curso académico 2012/2013

O vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente solicita o cambio de dedicación da profesora interina de substitución (de P03 a P06) que figura no **anexo IX**, que conta con informe favorable da COAP e da mesa sindical.

Apróbase por asentimento.

11. Venias docentes

O vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente solicita a concesión de cinco venias docentes ao profesorado de centros adscritos que se inclúe no **anexo X** a esta acta.

Apróbase por asentimento.

12. Proposta de licenza

O vicerreitor solicita a concesión dunha licenza de cinco meses á profesora que figura no **anexo XI** para realizar unha estada de investigación e de colaboración na docencia como investigadora visitante no Instituto de Enxeñaría da Universidade Autónoma de México, México DF.

Apróbase por asentimento

13. Novas propostas e modificacións de títulos de graos e mestrados

Tras pedir desculpas pola introdución deste punto con tanto apuro, debido á convocatoria do Consello Social do 6 de novembro, o vicerreitor de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías expón as propostas, cuxa tramitación está practicamente rematada:



Nova proposta de grao:

Escola Politécnica Superior

- Grao en Enxeñaría Naval e Oceánica
(Unificación dos Graos de Arquitectura Naval e Propulsión e Servizos do Buque: razóns de viabilidade)

Modificacións de graos:

Escola Politécnica Superior

- Grao en Enxeñaría Mecánica
 - Actualización da memoria e mellora de distribución temporal das materias)
- Grao en Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais
 - Actualización datos da memoria e mellora da distribución temporal das materias)

Modificacións de graos que non precisan exposición pública:

Facultade de Dereito:

- Grao en Dereito
 - Cambio de cuadrimestre do TFG, e paso ao 1ºC dunha materia optativa

Facultade de Ciencias da Educación

- Grao en Educación Social
 - Intercambio de cuadrimestre de dúas materias de 3º curso

Escola Universitaria de Turismo

- Grao en Turismo
 - Reubicación de materias optativas en cuadrimestres, cambio descritores materias de idiomas, e corrección de erros na memoria do título

Facultade de Ciencias da Comunicación

- Grao en Comunicación Audiovisual.
 - Cambio de materias entre cuatrimestres para un mellor desenvolvemento dos contidos docentes. Prácticas preprofesionais como materia optativa no plan de estudos. Recoñecemento da experiencia profesional. Acceso ás persoas maiores de corenta anos.

Facultade de Economía e Empresa

- Grao en CC. Empresariais



- As prácticas externas pasan de obrigatorias (12 c) a optativas e unha materia de idioma pasa de optativa a obrigatoria

- Grao en Economía
 - Actualización dos datos da memoria do grao e corrección de erros
- Grao en ADE
 - Actualización dos datos da memoria do grao e corrección de erros

Facultade de Ciencias do Traballo

- Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos
 - Actualización de datos do título correspondentes ao acceso mediante experiencia laboral e profesional e cambios nos recoñecementos por aplicación da legislación vixente

Escola Técnica Superior de Náutica e Máquinas

- Grao en Enxeñaría Mariña
 - Reorganización das competencias entre materias. Clarificar condicións de acceso para os anteriores titulados de Mariña Civil. Acceso a maiores de 45. Substitución de 2 materias de TFG de 6 créditos por un TFG de 12 créditos. Ampliación do recoñecemento de materias (unha materia) para o alumnado procedente da Licenciatura en Máquinas Navais

Escola Universitaria Politécnica

- Grao en Enxeñaría Electrónica Industrial e Automática
 - Introducción de datos na aplicación
- Grao en Enxeñaría Eléctrica
 - Introducción de datos na aplicación

Novas propostas de mestrados:

Facultade de Filoloxía

- Mestrado Universitario en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións (Interuniversitario)
- Mestrado Universitario en Lingüística Aplicada (Interuniversitario)

Facultade de Economía e Empresa

- Mestrado Universitario en Contabilidade Superior e Auditoría de Contas
- Mestrado Universitario en Dirección e Administración de Empresas

Facultade de Informática:

- Mestrado Universitario en Matemática Industrial

Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos

- Mestrado Universitario en Investigación en Enxeñaría Civil

Modificación de mestrados:

Facultade de Economía e Empresa:

- Mestrado Universitario en Banca e Finanzas

Facultade de Ciencias da Comunicación:

- Mestrado Universitario en Lóxica e Filosofía da Ciencia (Interuniversitario)

Modificacións que non precisan exposición pública:

Facultade de Ciencias da Saúde

- Mestrado Universitario en Asistencia e Investigación Sanitaria. Versión online
- Mestrado Universitario en Ciencia e Tecnoloxía en Termalismo e Balneoterapia. Versión on line

Facultade de Socioloxía

- Mestrado Universitario en Migracións Internacionais: Investigación, Políticas Migratorias e Mediación Intercultural. Versión online

Manuel Graña intervén para facer unha aclaración sobre as competencias profesionalizantes nos graos da Politécnica Superior.

Retírase o Mestrado de Química.

Apróbanse as novas propostas e as modificacións, por asentimento dos membros do Consello de Goberno, segundo figuran no **anexo XII** da presente acta que se incorporarán en soporte informático ao libro de actas.



14. Novas propostas de doutoramento para o curso 2013-2014

O vicerreitor de Investigación e Transferencia toma a palabra para solicitar a aprobación da proposta de programas de doutoramento elaborados na UDC, tal e como figura no anexo XIV.

Son un total de 30 propostas dispoñibles na páxina web da UDC a través do enderezo <http://www.udc.es/ensino/doutoramento/propostas1314/> que se relacionan máis abaixo.

Delas, 12 son feitas en solitario pola UDC e 18 son programas interuniversitarios (3 deles coordinados pola UDC).

Estas propostas foron elaboradas ao longo dos últimos meses e fixouse un período de exposición pública no mes de xullo. Logo de ser revisadas pola Comisión de Doutoramento foron informadas pola dita comisión con data de 28 de setembro. Tras recibir os informes da Comisión, os proponentes enviaron novamente as propostas ao longo do mes de outubro.

A Comisión de Doutoramento volveu revisar a propostas e na súa sesión do 29 de outubro tomou o acordo de informar favorablemente todas as propostas recibidas, quedando condicionado o dito informe a que se solucionen algúns problemas de forma, como son o feito de que as Comisións Académicas dos Programas de Doutoramento (CAPD) consten de polo menos 7 membros, así como a consecución do convenio entre as universidades participantes ou do documento de compromiso da sinatura do citado convenio (no caso dos interuniversitarios).

Tras a súa aprobación por este Consello de Goberno terán que ser aprobados polo Consello Social, antes do seu envío á Xunta de Galicia, para o que se dispón ata o día 14 de novembro.

Desde a Vicerreitoría de Investigación e Transferencia gustaríanos agradecer o traballo feito polos profesores proponentes, así como polos membros da Comisión de Doutoramento, en especial polo Secretario da dita Comisión e polo director da Escola de Doutoramento.

As propostas presentadas son as seguintes:

1. Arquitectura e Urbanismo
2. Bioloxía Celular e Molecular
3. Ciencia e Tecnoloxía Ambiental (CAPD consta de só 5 membros)
4. Ciencias do Deporte, Educación Física e Actividade Física Saudable
5. Ciencias da Saúde



6. Competitividade, Innovación e Desenvolvemento: Análise Económica e Empresarial
7. Computación
8. Dereito
9. Enxeñaría Civil
10. Psicoloxía
11. Química Ambiental e Fundamental
12. Tecnoloxías da Información e as Comunicacions
13. Interuniversitario en Dereito Administrativo Iberoamericano
14. Interuniversitario en Enerxía e Propulsión Mariña
15. Interuniversitario en Tecnoloxías Navais e Industriais
16. Interuniversitario en Neurociencias: 1964 - Rede de doutoramento en Neurociencias Fernando de Castro
17. Interuniversitario en Tecnoloxías da Información e das Comunicacions en Redes Móviles (non se inclúe a CAPD que se nomearía unha vez que sexa implantado o programa)
18. Interuniversitario en Lóxica e Filosofía da Ciencia (este programa está coordinado pola Universidad de Salamanca e participan nel a USC e a UDC polo que unha destas dúas debe ser a que solicite o informe previo da Xunta)
19. Interuniversitario en Estudos Lingüísticos
20. Interuniversitario en Estudos Literarios
21. Interuniversitario en Física Aplicada
22. Interuniversitario en Equidade e Innovación en Educación
23. Interuniversitario en Biotecnoloxía Avanzada
24. Interuniversitario en Estatística e Investigación Operativa
25. Interuniversitario en Estudos Ingleses Avanzados: Lingüística, Literatura e Cultura
26. Interuniversitario en Investigación Agraria e Forestal
27. Interuniversitario en Investigación en Tecnoloxías da Información
28. Interuniversitario en Métodos Matemáticos e Simulación Numérica en Enxeñaría e Ciencias Aplicadas (CAPD consta de só 4 membros)
29. Interuniversitario en Láser, Fotónica e Visión
30. Interuniversitario en Neurociencia: Neurobioloxía, Neurociencia Cognitiva e Psicoloxía Clínica

Tras a exposición da proposta, apróbase por asentimento dos membros do Consello de Goberno segundo figura no **anexo XIII** da presente acta que se incorporarán en soporte informático ao libro de actas.



15. Proposta de autorización para a creación da empresa Sedaqua como empresa participada da UDC

O vicerreitor solicita desculpas polo erro cometido no enunciado do punto, que non debe referirse á asociación da empresa, senón a creación como empresa participada, tal e como se desprende do contido do expediente.

O vicerreitor de Investigación e Transferencia solicita do Consello de Goberno a autorización da Empresa de Base Tecnolóxica Humigal Sistemas Ecolóxicos de Depuración de Aguas S.L. (marca comercial SEDAQUA) como empresa participada.

Trátase dunha empresa consultora de base tecnolóxica orientada ao deseño, construción e comercialización de zonas húmidas artificiais creadas especificamente para tratar a problemática da depuración de augas residuais en pequenos núcleos de poboación, empresas, industrias, e vivendas particulares.

A empresa é promovida por Manuel Soto Castiñeiras, (catedrático de universidade, membro do Grupo de Investigación de Enxeñaría Química e Ambiental da UDC), cunha participación do 15%, David de la Varga Calvo, enxeñeiro ambiental (40% de participación) e Marcos Vázquez Trillo, licenciado en Químicas e estudante de doutoramento no Grupo de Enxeñaría Química e Ambiental da UDC (40% de participación).

A participación proposta da UDC nesta empresa é dun 5% do seu capital social. Como é preceptivo, a solicitude ten informe favorable da OTRI. O informe preceptivo do Consello Social non puido ser evacuado a tempo por estar inmerso ese órgano nun proceso de constitución, para a posterior conformación da comisión técnica que permita levar a cabo estes informes, polo que se propón a aprobación deste Consello de Goberno de xeito condicional á emisión do informe positivo do Consello Social. Ademais ten informes favorables de dúas consultoras independentes. Os trámites restantes son, pois, a autorización por parte deste Consello de Goberno e, se é o caso, a emisión de informe positivo e posterior aprobación par parte do Consello Social. Así mesmo, a OTRI entregará a documentación necesaria ao Servizo de Patrimonio, Inventario e Xestión Económica da UDC para realizar o rexistro e control das participacións da UDC.

Corríxese o erro no enunciado do punto e apróbbase a autorización por asentimento do Consello de Goberno conforme á documentación que figura como **anexo XIV**.

16. Quenda aberta de intervencións

O reitor abre a quenda aberta de intervencións.



O profesor Manuel Graña pregunta se se vai implantar na UDC o currículo normalizado da CNAI. O vicerreitor de Investigación aclara que de momento non está preparada a aplicación informática, malia estar traballándose sobre ela. A aplicación informática incorpora datos migrados dos ficheiros de produción científica, e permite xestionar o currículo, mais aínda se está testando.

Luis Castedo pregunta sobre o pagamento dos complementos autonómicos da Xunta e dos sexenios. Tamén pregunta sobre o cálculo da media da titulación nos procedementos de concesión das bolsas predoutorais da Xunta de Galicia. En terceiro lugar, solicita que se elimine o adianto dos prazos de peche de exercicio económico a 16 de novembro, polos trastornos que poida causar na xustificación dos proxectos. Lamenta tamén o erro producido no cálculo da minoración da paga extra, sobre todo do capítulo VI. En quinto lugar, trae a colación a valoración dos méritos dos grupos de investigación realizada pola ANEP, e os agravios comparativos producidos. Vaise aplicar esta valoración para outros aspectos, ademais do reparto dos fondos propios de produción científica? Tamén advirte sobre as distorsións dos coeficientes de ponderación. Alude á circular de aplicación do artigo 83 ás actividades docentes, que considera extremadamente restritiva. Por último, critica a falta de información sobre a modificación proposta da RPT de PAS funcionarios, e a súa preocupación porque supoña un cambio a peor na xestión administrativa.

O reitor contesta sobre o pagamento dos complementos e dos sexenios, e trasládalle a palabra ao vicerreitor de Títulos para contestar a cuestión das medias académicas das bolsas predoutorais. O xerente contesta sobre os prazos de peche de exercicio orzamentario, os reintegros das cantidades minoradas nos contratos laborais na suspensión da paga extra, así como as modificacións previstas da RPT. Sobre a valoración da ANEP, replica o vicerreitor de Investigación e Transferencia. Sobre a circular de profesorado, intervén o secretario xeral para explicar a súa razón de ser.

Manuel Casteleiro intervén para resaltar os problemas que ocasionan as datas e os calendarios que fixo a propia Xunta de Galicia, insistindo na necesidade de facerllo saber. Tamén pregunta sobre como se forman as propostas de membros do Consello Social por parte da Xunta e do Parlamento. Pregunta sobre datos de matrícula no resto de universidades do SUG, e sobre os certificados dixitais que expedimos por delegación da FNMT.

Xosé Portela intervén para solicitar que se revise a instrución de prestacións económicas por baixa por IT, tendo en conta que na USC se aplica unha norma máis flexible e favorable aos traballadores. A respecto da RPT, di que esta se comunicou primeiro aos directores de centro que aos representantes dos traballadores, o cal provoca, segundo el, a inexistencia de marxe negociador no seo da Xunta de Persoal e do Comité de Empresa. Tamén di que a centralización de conserxerías oculta un ERE, que se suprimen as especialidades no persoal de



laboratorio, e que a proposta elimina a descrición de funcións do posto de traballo. O xerente contesta as distintas cuestións suscitadas.

Manuela Pinazas intervén sobre a proposta da RPT de Xerencia. O persoal funcionario acordou asumir as necesidades que se describen na memoria, mais considera que coa RPT prevista non se vai lograr satisfacer esas necesidades.

Nuria Vieira pregunta sobre os reintegros das cantidades da paga extra. Coincide con Luis Castedo con que se debería ter solicitado un informe previamente á Asesoría Xurídica. Pregunta sobre a detracción da catorceava parte do seu salario anual ao colectivo de contratados de capítulo VI. O xerente replica que se vai consultar tamén esta cuestión.

Ana Barxa, en representación dos comités, solicita incorporar á acta un escrito en que se solicita a retirada do título de *doutor honoris causa* a D. José Luís Méndez López. O reitor toma nota da solicitude, indicando que se trata dunha cuestión complexa, por non estar prevista no regulamento de honras e distincións da UDC.

Jorge Quintas, en representación dos comités, solicita axilizar as validacións académicas para que non se concedan cando xa está avanzado o curso académico. O vicerreitor toma nota do pedimento.

Sen máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 12:20 h, do que eu, como secretario, do fe, co visto e praxe do presidente.

Visto e praxe

O secretario xeral

O presidente

Carlos Amoedo Souto

Xosé Luís Armesto Barbeito